

FÍSICA e QUÍMICA 4º ESO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 4º ESO
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da 3ª avaliación		
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	CMCCT, CCEC
B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	CMCCT
	FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	CMCCT
B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.	FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.	CMCCT
B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.	FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	CMCCT
B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.	CMCCT
	FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.	CMCCT
B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese.	FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.	CMCCT

B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.	FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	CMCCT,CCL
B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.	CMCCT
B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	CMCCT
B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	CMCCT
	FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	CMCCT
B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.	FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.	CMCCT
B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	CMCCT
B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.	FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	CMCCT

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos: Recollida e corrección das tarefas propostas na aula virtual. Comprobación da realización de cuestionarios con autocorrección na aula virtual. Observación diaria da consulta por parte do alumnado dos documentos e vídeos explicativos colgados na aula virtual.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media da cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, con decimais, e sumaráselle ata un punto polo traballo realizado na terceira avaliación. Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático. O alumnado que non tiña aprobada unha proba escrita da 2ª avaliación, realizará actividades de recuperación dos contidos correspondentes, que subirán á aula virtual, e que valerán para recuperar as partes suspensas. Se non se entregan estas actividades, se é posible, realizarase unha proba escrita presencial con preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100 % correspondentes á proba non aprobada, e se non é posible realizarase unha proba virtual das mesmas características a través da plataforma webex ou da aula virtual.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No mes de setembro realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100% correspondentes á primeira e á segunda avaliación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Visualización de vídeos explicativos das partes teóricas da materia e de como resolver cuestións e problemas.</p> <p>Realización de cuestionarios na aula virtual.</p> <p>Traballo con materiais impresos que o alumnado xa tiña ou que se atopan na aula virtual.</p> <p>Realización de tarefas propostas na aula virtual: resolución de cuestións e problemas relacionadas co tema tratado.</p> <p>Realización de videoconferencias co alumnado.</p> <p>Intercambio de información, consulta e resolución de dúbidas ou correccións, mediante WhatsApp, correo electrónico ou a través da aula virtual.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo alumnado da materia de física e química en 4º ESO ten conectividade.</p> <p>A diario, propónse na aula virtual unha tarefa consistente nun vídeo explicativo dunha parte teórica da materia ou de como resolver cuestións e problemas, e nun cuestionario con autocorrección ou nuns exercicios relacionados que teñen que entregar a través da aula virtual, seguindo un esquema similar ao do traballo na aula.</p> <p>Devólvenselles corrixidos todos os días.</p> <p>O alumnado cunha proba da 2ª avaliación suspensa, realizará actividades de recuperación relacionadas cos estándares non superados, que se colgarán, entregarán e corrixirán a través da aula virtual ou do correo electrónico.</p> <p>Mantense un contacto constante co alumnado a través da aula virtual ou o correo electrónico para resolver dúbidas, realizar correccións e intentar que manteñan o interese pola materia.</p>
Materiais e recursos	<p>Vídeos explicativos elaborados polo departamento.</p> <p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Material impreso elaborado polo departamento.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico, a aula virtual e a páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do IES de Quiroga.